



XUNTA
DE GALICIA



Concello de Nigrán



FEADER:
Europa inviste
no rural

NOTA DE PRENSA

O CONCELLO DE NIGRÁN RATIFICA O SEU COMPROMISO CO MEDIO AMBIENTE INSTALANDO DE PLACAS SOLARES PARA A AUGA QUENTE NO CAMPO MUNICIPAL DE CONDOMÍNGUEZ

O orzamento total, de 36.000 euros, conta cunha subvención de 20.000 euros con fondos europeos Feader a través do Inega

O uso desta enerxía sustentable permitirá ao mesmo tempo aforrar 5.000 euros ao ano de gasoil e mellorar o rendemento grazas a un acumulador co triple de capacidade

Nigrán 11/10/16.- O Concello de Nigrán ratifica unha vez máis o seu compromiso co medio ambiente instalando placas solares nos vestiarios do campo municipal de Condomínguez (Priegue) co obxectivo de obter así auga quente sanitaria para as duchas. A obra, cun orzamento total de 36.020,41 euros, recibiu unha subvención de 20.000 euros a través do Inega (Instituto Enerxético de Galicia) e estará rematada esta semana. Esta subvención se encadra nas axudas a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de enerxías renovables 2016, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa Operativo Feader-Galicia 2014-2020.

O uso desta enerxía sustentable permitirá ao mesmo tempo un aforro para as arcas municipais de 5.000 euros ao ano en combustible contaminante, xa que ata agora funcionaba cun acumulador de mil litros alimentado grazas a unha caldeira de gasoil. Por outra banda, se mellorará sustancialmente o rendemento, xa que o novo acumulador de auga conta co triple de capacidade que o anterior, isto é 3.000 litros en total sobre un cálculo de necesidade de 2.800 litros ao día.



XUNTA
DE GALICIA



Concello de Nigrán



FEADER:
Europa inviste
no rural

NOTA DE PRENSA

"Con esta obra completamos os campos municipais que empregan a enerxía solar (en Vilariño xa funciona así) e reiteramos o noso compromiso de ir levando este sistema ás demais instalacións do Concello", explica o alcalde, Juan González.

En total, foron instaladas enriba dos vestiarios 20 placas solares de 2,3 metros cadrados de superficie que manterán ao novo acumulador de 3.000 litros con auga a 60 graos centígrados.